5. Este libro de rexistro estará sempre á disposición dos servizos veterinarios oficiais, así como das autoridades competentes.

6. Os libros de rexistro deberán presentarse previamente nas delegacións da consellería competente nesta materia para a súa dilixencia de apertura e selado.

Artigo 44º

Os establecementos ós que se refire o artigo 33º confeccionaranse e remitiranse anualmente ó servizo correspondente, sen prexuízo do establecido para as enfermidades de declaración e notificación obrigatoria, un parte de incidencias sanitarias, no que se farán constar as enfermidades detectadas e

os tratamentos preventivos e curativos realizados, asinado por un veterinario que se responsabilice da saúde e hixiene dos animais, certificando, así mesmo, o cumprimento, por parte do establecemento, das condicións e requisitos que sinala este decreto. Excepcionalmente poderanse solicitar partes de periodicidade mensual, cando, a xuízo da dirección xeral competente, a situación epizootiolóxica así o aconselle.

Artigo 45º

Os establecementos autorizados para a venda de animais de compañía están obrigados a entregarlles ós compradores animais libres de toda enfermidade e coas vacinacións, desparasitacións e tratamentos preceptivos, segundo a especie de que se trate, extremo que se acreditará mediante o pasaporte ou cartilla sanitaria, se é o caso, o ben por certificación expedida polo veterinario responsable do establecemento.

Capítulo VI Sobre o transporte

Artigo 46º

1. Prohíbese o transporte de animais se estes non se encontran en condicións de realiza-lo traxecto previsto e si non se adoptaron as disposicións oportunas para o seu coidado durante o transporte e á chegada ó lugar de destino. Os animais enfermos e feridos non se considerarán aptos para o transporte. Quedarán exceptuados:

a) Os animais levemente feridos ou enfermos cando o transporte non sexa causa de sufrimentos innecesarios.

b) Os animais transportados con obxecto de someterse á atención e tratamento veterinarios ou a un sacrificio de urxencia.

2. Calquera animal que se fira ou enferme durante o transporte recibirá os primeiros auxilios o antes posible. Se procede, será sometido ó tratamento veterinario adecuado e, en caso necesario, sacrificado urxentemente de forma que se lle eviten sufrimentos innecesarios.

Artigo 47º

O transporte de animais domésticos e salvaxes en cativeiro realizarase coas debidas condicións hixiénicas e sanitarias, debendo respectarse en todo caso as condicións específicas previstas na normativa vixente sobre protección dos animais durante o transporte.

Capítulo VII Dos animais domésticos de compañía

Artigo 48º

A tenza de animais domésticos de compañía en vivendas urbanas queda condicionada ás circunstancias hixiénicas óptimas do aloxamento, á ausencia de riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de molestias para os veciños.

Artigo 49º

1. A entrada e permanencia de animais domésticos, especialmente da especie canina, en toda clase de locais destinados á fabricación, venda, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos queda expresamente prohibida, coa excepción dos cans de cego.

2. Queda expresamente prohibida a entrada de animais domésticos de compañía en locais destinados a espectáculos públicos, deportivos e culturais, agás os cans de cego.

3. Os concellos facilitarán os medios e espazos adecuados para que os animais poidan realiza-las súas funcións fisiolóxicas nas debidas condicións hixiénicas.

4. As autoridades municipais limitarán ou prohibirán, se é o caso, as zoas e horas en que poidan circular ou permanece-los cans e outros animais sobre os parques, praias e outros espazos públicos, especialmente os frecuentados por nenos, do seus respectivos termos municipais. Prohíbese expresamente a presenza de animais nas piscinas públicas durante a temporada de baños.

5.- Os animais ceibos en vivendas con acceso á vía pública deberán estar cercados de maneira que non poidan alteren ou asusta-los viandantes.

Artigo 50º

Nas vías públicas, os cans irán provistos de buceira, cadea ou correa e colar con identificación do propietario.

Artigo 51º

As persoas que fosen agredidas por un animal darán conta disto ás autoridades sanitarias. Os propietarios ou posuidores de animais agresores están obrigados a facilita-los datos correspondentes do animal agresor tanto á persoa agredida como ós seus representantes legais e ás autoridades competentes que o soliciten. Así mesmo, calquera persoa que advirta un risco posible para a saúde poderá dar conta disto ás autoridades sanitarias é, en todo caso, é obrigación dos sanitarios ou os centros que atendan os agredidos efectuaren a correspondente denuncia.

Artigo 52º

1. Os animais que agrediran unha persoa e que, a xuízo dos servizos veterinarios oficiais poidan ser sospeitosos de transmitir enfermidade infecto-contaxiosa, serán retidos polos servizos municipais, coa colaboración, se é o caso, das asociacións colaboradoras de protección e defensa dos animais, e manteranse en observación veterinaria durante catorce días.

2. Esta retención e observación poderá levarse a cabo no propio domicilio ou outra instalación do posuidor do animal.

3. Os gastos ocasionados pola retención e vixilancia dos animais serán por conta do propietario do animal.

Capítulo VIII

Sobre a recolla de animais abandonados

Artigo 53º

1. Unha vez recollido, segundo as condicións que prevé este decreto, un animal presuntamente abandonado, a Administración competente ou asociación colaboradora reterao co obxecto de localiza-lo seu dono, durante un prazo de 20 días, antes de darlle o destino máis conveniente.

2. Se durante este prazo o animal é identificado darase aviso fidedigno ó seu propietario e este terá un prazo máximo de 10 días para recuperalo, logo de aboa-los gastos que lle ocasionara a alguén a súa custodia e mantemento. En todo caso, o prazo total non será inferior a 20 días, nin superior a 30 contando desde a ocupación do animal.

Artigo 54º

1. Corresponde ás administracións locais a recolla de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais. Durante o servizo de recolla procuránselle-las as mellores condicións posibles.

2. As administracións locais que non dispoñan dos medios adecuados para a recolla e tenza de animais abandonados poderán concertar convenios de colaboración ou cooperación coa consellería competente nesta materia, con asociacións de protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro ou con entidades autorizadas para tales fins para a realización dos ditos servizos.

3. Os concellos ou entidades supramunicipais a que se refire a Lei galega de réxime local, deberán dispor, ben como propio, ou ben segundo o previsto no apartado anterior, de polo menos un centro destinado á recolla de animais abandonados.

Artigo 55º

Os establecementos para a recolla de animais abandonados deberán ser declarados e rexistrados de acordo co establecido no artigo 33º.

Artigo 56º

Os establecementos de recolla de animais abandonados, ademais das condicións xerais establecidas nos artigos 36º e 43º, deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Deberán contar con espazos amplos e suficientes, onde os animais poidan ter un aloxamento adecuado e protexido das inclemencias meteorolóxicas.

b) Disporán de chans de cemento, pedra ou material similar que permitan o lavado e limpeza diaria, dando a estes chans unha lixeira inclinación ata os desaugadoiros.

c) Terán unha temperatura ambiental adecuada, así como aireación, iluminación, leitos secos e auga corrente.

d) Terán departamentos independentes para os animais agresivos e para os animais feridos ou enfermos non contaxiosos.

e) Terán departamentos independentes e convenientemente illados para os animais sospeitosos de padecer enfermidades infecto-contaxiosas.

f) Deberán posuír un caixa de primeiros auxilios apropiadas para curas de urxencia.

g) Deberán contar cuns servizos veterinarios adecuados e cunha sala de curas ou primeiros auxilios para atende-los animais feridos.

Artigo 57º

1. Transcorridos os prazos previstos no artigo 53º, os animais de compañía abandonados serán postos ó dispor do que os solicite, durante un prazo mínimo de tres días, sempre que se comprometa a regulariza-la súa situación sanitaria de acordo coa normativa vixente aplicable.

2. Os gastos debidos ás atencións veterinarias, entre as que se inclúen os tratamentos obrigatorios, que poderán esixírselle ó establecemento de recolla, serán por conta do adquirente do animal abandonado.

3. O adquirente deberá comprometerse ó cumprimento das obrigas propias dos posuidores de animais recollidas neste decreto.

Artigo 58º

Os animais que non sexan retirados polos seus donos nin cedidos en adopción no prazo de tres meses, ou antes nos supostos de urxencia, poderán sacrificarse por procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos, de forma que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible.

Artigo 59º

1. Os métodos autorizados para o sacrificio de animais de compañía son os seguintes:

-Por inxección endovenosa de barbitúricos solubles.

-Por inhalación de monóxido de carbono.

-Aqueles outros que polas condicións ou dificultades de manexo sexa necesario aplicar.

2. A consellería competente nesta materia poderá engadir á lista do apartado 1 aqueles outros métodos que, ó seu xuízo, reúnan os requisitos apropiados.

3. A persoa responsable do sacrificio dos animais deberá asegurarse de que este estea morto antes de retira-lo cadáver.

Artigo 60º

Os cadáveres dos animais mortos ou sacrificados deberán ser destruídos por enterramento hixiénico ou por incineración.

Capítulo IX

Dos concursos e exposicións

Artigo 61º

1. Para a celebración de concursos, exposicións ou calquera outro tipo de certames ou eventos coa concorrencia dos animais obxecto deste decreto, será obrigatoria a autorización previa da consellería competente nesta materia, sen prexuízo de calquera outra autorización preceptiva.

2. As solicitudes de autorización para a celebración dos certames aludidos no parágrafo anterior, serán presentadas polos organizadores coa antelación mínima de tres meses previa á súa celebración e deberán ir xunto a unha memoria que comprenda os seguintes aspectos:

- a) Características do certame que se vai celebrar.
- b) Descrición do lugar de celebración e instalacións dedicadas ó certame.
- c) Datas e horas de celebración.
- d) Previsión de animais asistentes clasificados por especies, e, se é o caso, razas.
- e) Programa de medidas sanitarias que garantan as condicións de celebración, así como medios para o control da documentación de orixe e sanidade dos animais participantes. Este programa deberá estar suscrito por un veterinario responsable.

f) Regulamentación e funcionamento do evento.
g) Nome, enderezo, teléfono e fax da persoa responsable da organización.

3. Os locais e recintos destinados á celebración de concursos ou exposicións das distintas especies e razas de animais de compañía deberán cumprir cos seguintes requisitos:

a) No caso de recintos: dispor dun perímetro con cerramento fixo ou móbil que impida a saída dos animais.

b) Dispor dun local-enfermería onde, baixo a responsabilidade dun veterinario, poidan atenderse aqueles animais que precisen de asistencia. Este local poderá ser móbil se se trata de certames que se celebren en recintos cunha periodicidade superior á mensual.

c) Dispor dun caixa de primeiros auxilios básico co material necesario para a práctica da cirurxía menor e co equipamento farmacéutico apropiado para a atención anteriormente mencionada.

d) No caso de celebrarse a ceo aberto, deberán adoptarse as medidas necesarias para preservar os animais das inclemencias meteorolóxicas e da acción extrema dos raios solares.

e) As entidades que realicen concursos e exposicións estarán obrigadas á desinfección, desinsectación e desratización dos locais ou recintos onde se celebren.

f) Será preceptivo para tódolos animais que participen en concurso ou exposicións a exhibición da súa correspondente cartilla ou documento sanitario de acompañamento. A organización do certame estará obrigada a velar polo cumprimento desta norma.

Capítulo X Controis sanitarios

Artigo 62º

Os plans, programas e disposicións de execución para o control, loita e erradicación de zoonoses e epizootias dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia será a establecida pola consellería competente

existente e sen prexuízo da normativa estatal ou comunitaria en vigor.

Artigo 63º

1. As medidas sanitarias previstas no artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, poderán ser ordenadas, de forma inmediata, pola consellería competente nesta materia, ou polos concellos, cando as razóns de urxencia así o aconsellen, dando conta delas ó Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro, tan pronto como sexa posible.

2. As ordes de internamento, illamento ou sacrificio obrigatorio dos animais de compañía a que aluden os puntos 2 e 3 do artigo 9 da Lei 1/1993, do 13 de abril, só poderán adoptarse cando os diagnósticos das enfermidades ou a detección de portadores, sexa confirmado polos servizos veterinarios oficiais.

Artigo 64º

1. Nos programas sanitarios, vacinacións ou tratamentos obrigatorios que estableza a consellería competente nesta materia poderán colaborar os veterinarios en exercicio libre, que así o soliciten, tras seren autorizados expresamente por parte da citada consellería, posuíndo a condición de veterinarios colaboradores.

2. Os veterinarios colaboradores cubrirán e remitirán, no tempo e a forma que estableza a consellería competente nesta materia, os partes sanitarios, de vacinacións ou tratamentos efectuados, así como canta documentación e información, sobre estas e outras incidencias sanitarias, lles sexa requirida por parte da consellería.

3. O incumprimento dos requirimentos que se citan no apartado 2 poderá supo-la perda da autorización á que se refire o apartado 1 e, polo tanto, da condición de veterinario colaborador.

4. Independentemente das esixencias establecidas no exercicio libre, os veterinarios colaboradores deberán levar un arquivo coa ficha clínica dos animais obxecto de vacinación ou tratamento obrigatorio, que estará ó dispor dos servizos da consellería competente nesta materia.

Artigo 65º

No caso de detectar unha enfermidade contaxiosa, procederase ó illamento e control do animal, dándose conta inmediatamente ós servizos veterinarios oficiais correspondentes, en todos aqueles casos nos que a enfermidade sexa de declaración obligatoria ou nos que, segundo a normativa vixente, deba notificarse cos fins estatísticos.

Capítulo XI Da inspección e vixilancia

Artigo 66º

Será competencia dos servizos veterinarios oficiais, por si sós ou en colaboración cos servizos municipais:

-A comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos polo presente decreto, así como do resto

da normativa vixente en materia de sanidade animal e de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

-A supervisión e control dos programas zoonosarios.

Artigo 67º

Para os efectos da realización das inspeccións que se mencionan no apartado anterior, facilitaráselles ós inspectores oficiais provistos da correspondente credencial o acceso a tódolos establecementos e dependencias relacionadas coas actividades reguladas polo presente decreto, así como a información e axudas precisas para o desempeño das súas funcións.

Capítulo XII

Do procedemento sancionador

Artigo 68º

1. As infraccións o disposto polo presente decreto serán sancionadas de acordo co que determina a Lei 1/1993, do 13 de abril, sobre protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro ou, se é o caso, o vixente Regulamento de epizootias e demais disposicións concordantes.

2. O procedemento sancionador poderá iniciarse por denuncia ou de oficio, cando as autoridades municipais ou a consellería competente nesta materia teñan coñecemento de feitos que poidan constituír unha infracción ó establecido pola Lei 1/1993, e polo presente decreto.

Artigo 69º

1. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como leves, salvo as establecidas no punto i) do artigo 20, pola Lei 1/1993, do 13 de abril, será realizada polos concellos, de acordo co establecido no artigo 24.4º da Lei 1/1993. En todo caso, a imposición das sancións previstas por infraccións leves correspóndelle ó alcalde do concello de conformidade co establecido no artigo 24.2º a) da dita lei.

2. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións cualificadas como graves ou moi graves poderá ser realizada por parte dos concellos, sen prexuízo de que a resolución dos expedientes e a imposición de sancións sexa efectuada pola autoridade correspondente, de acordo co establecido no apartado 2º, do artigo 24, da Lei 1/1993, do 13 de abril.

3. A tramitación dos expedientes por infracción do disposto no presente decreto adecuaranse ó disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

4. As sancións axustaranse ó previsto no capítulo II, do título V, da Lei 1/1993, do 13 de abril.

Disposición transitoria

Concédesse un prazo de seis meses, a partir da entrada en vigor do presente decreto para que os

establecementos e asociacións actualmente en funcionamento, a que el fai referencia, soliciten o rexistro correspondente, adaptándose ás novas disposicións establecidas.

Disposición derradeira

Facúltase á consellería competente nesta materia para dicta-las disposicións que requiran o mellor desenvolvemento e eficacia do disposto no presente decreto.

Santiago de Compostela, dous de abril de mil novecentos noventa e oito.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que publica o catálogo de residuos de Galicia.

A disposición adicional da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, establece a obrigatoriedade de elaborar unha lista de cada un dos residuos pertencentes ás dúas categorías expresadas no artigo 4 da citada lei, tendo como base o Catálogo Europeo de Residuos (CER).

A Unión Europea aprobou o 20 de decembro de 1993 unha lista de residuos, denominada Catálogo Europeo de Residuos (CER), de conformidade coa alínea a) do artigo 1 da Directiva 75/442/CEE do Consello, relativa ós residuos, na que se contén tódolos residuos; é dicir, tanto os denominados non perigosos como os perigosos aínda estes últimos figuran tamén na lista aprobada pola Decisión 94/904/CEE, que foi transposta á lexislación nacional polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, que establece o procedemento que se seguirá para a súa modificación e que resulta en todo caso aplicable á modificación do presente catálogo.

A normativa básica de residuos encóntrase actualmente regulada na Lei 10/1998, do 21 de abril, que transpuxo ó ordenamento xurídico estatal a política da Unión Europea en materia de residuos, consistente en abandonar-la clasificación en dúas únicas modalidades, xeral e perigosos, e establecer unha norma común para todos eles, que poderá ser completada cunha regulación específica para determinadas categorías de residuos. A súa disposición derradeira terceira remítese a un desenvolvemento regulamentario que, polo menos en parte, terá carácter básico, sen prexuízo das competencias autonómicas, polo que o catálogo de residuos de Galicia

non presenta un carácter fixo senón dinámico ó ter que incorporar necesariamente estas variacións.

O Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, entre outras, atribúe a esta consellería as funcións de control da xestión e dos correspondentes plans, dos residuos urbanos, perigosos, industriais, sanitarios e dos ganadeiros, en coordinación coa Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, así como a tramitación da autorización de xestores e produtores de residuos.

Resulta necesario, por tanto, establecer un catálogo de residuos de Galicia que os recolla e clasifique, co obxecto de establecer unha terminoloxía común co fin de aumenta-la eficacia das actividades de xestión dos residuos.

O catálogo estrutúrase en 20 grupos, que responden a procesos ou actividades que xeran os residuos ou ben a familias importantes de residuos. En particular, a categoría número 20 corresponde a residuos municipais e residuos asimilables procedentes de comercio, industrias e institucións incluíndo fraccións recollidas selectivamente.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, e en conformidade co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteito de maio de mil novecentos noventa e oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Publícase o catálogo de residuos de Galicia, que figura como anexo ó presente decreto.

Artigo 2º

O obxecto deste catálogo de residuos de Galicia é a clasificación dos residuos nas categorías establecidas no artigo 4 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.

Artigo 3º

Os residuos clasifícanse en 20 grupos, asignando unha codificación de seis díxitos dos que os dous primeiros indican o grupo ó que pertencen, o terceiro e o cuarto o subgrupo, e o quinto e sexto o tipo de residuo.

Artigo 4º

En consonancia co Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, no anexo márcanse cun asterisco os residuos perigosos, a xestión dos cales deberá adecuarse ó establecido na normativa básica de residuos.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Autorízase a Consellería de Medio Ambiente para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteito de maio de mil novecentos noventa e oito.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO

Código	Descrición	Residuo perigoso
01	Residuos da prospección, extracción, preparación e outros tratamentos de minerais e canteiras	
01 01	Residuos da extracción de minerais	
01 01 01	Residuos da extracción de minerais metálicos	
01 01 02	Residuos da extracción de minerais non metálicos	
01 02	Residuos da preparación de minerais	
01 02 01	Residuos da preparación de minerais metálicos	
01 02 02	Residuos da preparación de minerais non metálicos	
01 03	Residuos da transformación física e química de minerais metálicos	
01 03 01	Estériles	
01 03 02	Residuos de pó e area fina	
01 03 03	Lodos vermellos da produción de alúmina	
01 03 99	Outros lodos e residuos non especificados doutra categoría	
01 04	Residuos doutros tratamentos físicos e químicos de minerais non metálicos	
01 04 01	Residuos de grava e rochas trituradas	
01 04 02	Residuos de area e arxilas	
01 04 03	Residuos de pó e area fina	
01 04 04	Residuos da transformación de potasa e minerais de sal	
01 04 05	Residuos do lavado e limpeza de minerais	
01 04 06	Residuos do corte e serradura de pedra	
01 04 99	Residuos non especificados noutra categoría	
01 05	Lodos e outros residuos de perforacións	
01 05 01	Lodos e residuos de perforacións que conteñen hidrocarburos	
01 05 02	Lodos e residuos de perforacións que conteñen sales de bario	
01 05 03	Lodos e residuos de perforacións que conteñen cloruros	
01 05 04	Residuos de perforacións que conteñen auga doce	
01 05 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02	Residuos da produción primaria agrícola, horticoltura, caza, pesca e acuicultura, da preparación e elaboración de alimentos	*
02 01	Residuos da produción primaria	*
02 01 01	Lodos de lavado e limpeza	
02 01 02	Residuos de tecidos animais	
02 01 03	Residuos de tecidos vexetais	
02 01 04	Residuos plásticos (excepto embalaxes)	
02 01 05	Residuos agroquímicos	*
02 01 06	Feces animais, urina e esterco (incluída palla podre), efluentes recollidos selectivamente e non tratados in situ	
02 01 07	Residuos da explotación forestal	
02 01 99	Outros lodos e residuos non especificados noutra categoría	
02 02	Residuos da preparación e transformación de carne, peixe e outros alimentos de orixe animal	
02 02 01	Lodos de lavado e limpeza	
02 02 02	Residuos de tecidos animais	
02 02 03	Materiais inadecuados para a transformación ou consumo	
02 02 04	Lodos de tratamento in situ de efluentes	
02 02 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02 03	Residuos da preparación e transformación de froitas, hortalizas, cereais, aceites, comestibles, cacao, café e tabaco; produción de conservas; elaboración de tabaco	
02 03 01	Lodos de lavado, limpeza, estonadura, centrifugado e separación	
02 03 02	Residuos de conservantes	
02 03 03	Residuos da extracción con disolventes	
02 03 04	Materiais inadecuados para a transformación ou consumo	
02 03 05	Lodos do tratamento in situ de efluentes	
02 03 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02 04	Residuos da elaboración do azucre	
02 04 01	Terra procedente da limpeza e lavado da remolacha	
02 04 02	Carbonato cálcico fóra de especificación	
02 04 03	Lodos de tratamento in situ de efluentes	
02 04 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02 05	Residuos da industria de produtos lácteos	
02 05 01	Materiais inadecuados para a transformación e consumo	
02 05 02	Lodos de tratamento in situ de efluentes	
02 05 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02 06	Residuos da industria de panadería e pastelería	

Código	Descrición	Residuo perigoso
02 06 01	Materiais inadecuados para a transformación e consumo	
02 06 02	Residuos de conservantes	
02 06 03	Lodos de tratamento in situ de efluentes	
02 06 99	Residuos non especificados noutra categoría	
02 07	Residuos da produción de bebidas alcólicas e non alcólicas (excepto café, té e cacao)	
02 07 01	Residuos de lavado, limpeza e redución mecánica de materias primas	
02 07 02	Residuos da destilación de alcois	
02 07 03	Residuos do tratamento químico	
02 07 04	Materiais inadecuados para a transformación e consumo	
02 07 05	Lodos de tratamento in situ de efluentes	
02 07 99	Residuos non especificados noutra categoría	
03	Residuos da transformación da madeira e da produción de papel, cartón, pasta de papel, taboleiros e mobles	*
03 01	Residuos da fabricación e produción de taboleiros e mobles	
03 01 01	Residuos de casca e cortiza	
03 01 02	Serraduras	
03 01 03	Labras, retrincos, madeira refugada/restos de táboas/verniz	
03 01 99	Residuos non especificado noutra categoría	
03 02	Residuos dos procesos de tratamento para a conservación da madeira	*
03 02 01	Conservantes da madeira orgánicos non haloxenados	*
03 02 02	Conservantes da madeira organoclorados	*
03 02 03	Conservantes da madeira organometálicos	*
03 02 04	Conservantes da madeira inorgánicos	*
03 03	Residuos da produción e fabricación de pasta de papel, papel e cartón	
03 03 01	Casca	
03 03 02	Sedimentos e lodos de lexivias verdes (procedentes do tratamento con lixivias negras)	
03 03 03	Lodos de branqueo dos procesos ó hipoclorito e cloro	
03 03 04	Lodos de blanqueo doutros procesos de branqueo	
03 03 05	Lodos de destinxidura da reciclaxe de papel	
03 03 06	Lodos de fibra e papel	
03 03 07	Refugallos da reciclaxe de papel e cartón	
03 03 99	Residuos non especificado noutra categoría	
04	Residuos das industrias téxtil e da pel	*
04 01	Residuos da industria da pel	*
04 01 01	Residuos de descarnaduras e cuarteado de cal	
04 01 02	Residuos de encalado	
04 01 03	Residuos de desangraxadura que conteñen disolventes en fase líquida	*
04 01 04	Residuos líquidos de curtume que conteñen cromo	
04 01 05	Residuos líquidos de curtume que non conteñen cromo	
04 01 06	Lodos que conteñen cromo	
04 01 07	Lodos que non conteñen cromo	
04 01 08	Residuos do curtume da pel (láminas azuis, labras, retrincos, po) que conteñen cromo	
04 01 09	Residuos de confección e acabado	
04 01 99	Residuos non especificados noutra categoría	
04 02	Residuos da industria téxtil	
04 02 01	Residuos de fibras téxtiles non procesadas e outras fibras naturais principalmente de orixe vexetal	*
04 02 02	Residuos de fibras téxtiles non procesadas principalmente de orixe animal	
04 02 03	Residuos de fibras téxtiles non procesadas principalmente artificiais ou sintéticas	
04 02 04	Residuos de fibras téxtiles non procesadas mesturadas antes da fiadura e tecido	
04 02 05	Residuos de fibras téxtiles procesadas principalmente de orixe vexetal	
04 02 06	Residuos de fibras téxtiles procesadas principalmente de orixe animal	
04 02 07	Residuos de fibras téxtiles procesadas principalmente artificiais ou sintéticas	
04 02 08	Residuos de fibras téxtiles procesadas e mesturadas	
04 02 09	Residuos de materiais compostos (téxtiles impregnados, elastómeros, plástomeros)	
04 02 10	Materia orgánica de produtos naturais (por exemplo graxa, cera)	
04 02 11	Residuos haloxenados da confección e acabado	*
04 02 12	Residuos non haloxenados da confección e acabado	
04 02 13	Tintes e pigmentos	
04 02 99	Residuos non especificados noutra categoría	
05	Residuos do refinamento do petróleo, purificación do gas natural e tratamento pirolítico do carbón	*
05 01	Lodos e residuos sólidos aceitosos	*
05 01 01	Lodos do tratamento in situ de efluentes	
05 01 02	Lodos de desalgadura	
05 01 03	Lodos de fondos de tanques	*
05 01 04	Lodos de alquil ácido	*
05 01 05	Vertidos de hidrocarburos	*
05 01 06	Lodos procedentes de plantas, equipos e operacións de mantemento	
05 01 07	Alcatráns ácidos	*
05 01 08	Outros alcatráns	*
05 01 99	Residuos non especificados noutra categoría	
05 02	Lodos e residuos sólidos non aceitosos	
05 02 01	Lodos procedentes da auga de alimentación de caldeiras	
05 02 02	Lodos de columnas de refrixeración	
05 02 99	Residuos non especificados noutra categoría	

Código	Descrición	Residuo perigoso
05 03	Catalizadores usados	
05 03 01	Catalizadores usados que conteñen metais preciosos	
05 3 02	Outros catalizadores usados	
05 04	Arxilas de filtración usadas	*
05 04 01	Arxilas de filtración usadas	*
05 05	Residuos de desulfuración de hidrocarburos	
05 05 01	Residuos que conteñen xofre	
05 05 99	Residuos non especificados noutra categoría	
05 06	Residuos do tratamento pirolítico do carbón	*
05 06 01	Alcatráns ácidos	*
05 06 02	Alfalo	
05 06 03	Outros alcatráns	*
05 06 04	Residuos de columnas de refrixeración	
05 06 99	Residuos non especificados noutra categoría	
05 07	Residuos da purificación do gas natural	*
05 07 01	Lodos que conteñen mercurio	*
05 07 02	Lodos que conteñen xofre	
05 07 99	Residuos non especificados noutra categoría	
05 08	Residuos da rexeneración de aceites	*
05 08 01	Arxilas de filtración usadas	*
05 08 02	Alcatráns ácidos	*
05 08 03	Outros alcatráns	*
05 08 04	Residuos líquidos acuosos procedentes da rexeneración de aceites	*
05 08 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06	Residuos de procesos químicos inorgánicos	*
06 01	Residuos de solucións ácidas	
06 01 01	Ácido sulfúrico e ácido sulfuroso	*
06 01 02	Ácido clorhídrico	*
06 01 03	Ácido fluorhídrico	*
06 01 04	Ácido fosfórico e ácido fosforoso	*
06 01 05	Ácido nítrico e ácido nítrico	*
06 01 99	Residuos non especificados noutra categoría	*
06 02	Residuos de solucións alcalinas	*
06 02 01	Hidróxido cálcico	*
06 02 02	Sosa	*
06 02 03	Amoníaco	*
06 02 99	Residuos non especificados noutra categoría	*
06 03	Residuos de sales a as súas solucións	
06 03 01	Carbonatos (excepto as categorías 02 04 02 e 19 10 03)	
06 03 02	Solucións salinas que conteñen sulfatos, sulfitos ou sulfuros	
06 03 03	Sales sólidas que conteñen sulfatos, sulfitos ou sulfuros	
06 03 04	Solucións salinas que conteñen cloruros, fluoruros e haluros	
06 03 05	Sales sólidas que conteñen cloruros, fluoruros e outras sales sólidas haloxenados	
06 03 06	Solucións salinas que conteñen fosfatos e sales sólidas derivados	
06 03 07	Fosfatos e sales sólidas derivados	
06 03 08	Solucións salinas que conteñen nitratos e compostos derivados	
06 03 09	Sales sólidas que conteñen nitruros (nitrometálicos)	
06 03 10	Sales sólidas que conteñen amonio	
06 03 11	Sales e solucións que conteñen cianuros	*
06 03 12	Sales e solucións que conteñen compostos orgánicos	*
06 03 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 04	Residuos que conteñen metais	*
06 04 01	Óxidos metálicos	
06 04 02	Sales metálicas (excepto a categoría 06 03 00)	*
06 04 03	Residuos que conteñen arsénico	*
06 04 04	Residuos que conteñen mercurio	*
06 04 05	Residuos que conteñen outros metais pesados	*
06 04 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 05	Lodos do tratamento in situ de efluentes	
06 05 01	Lodos do tratamento in situ de efluentes	
06 06	Residuos de procesos químicos do xofre (produción e transformación) e de procesos de desulfuración	
06 06 01	Residuos que conteñen xofre	
06 06 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 07	Residuos de procesos químicos halóxenos	*
06 07 01	Residuos de electrólise que conteñen amianto	*
06 07 02	Carbón activo procedente da produción de cloro	*
06 07 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 08	Residuos da produción de silicio e os seus derivados	
06 08 01	Residuos da produción de silicio e os seus derivados	
06 09	Residuos de procesos químicos do fósforo	
06 09 01	Xeso fosforado	
06 09 02	Escouras de fósforo	
06 09 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 10	Residuos de procesos químicos do nitróxeno e da fabricación de fertilizantes	
06 10 01	Residuos de procesos químicos do nitróxeno e da fabricación de fertilizantes	
06 11	Residuos da fabricación de pigmentos inorgánicos e opacificantes	
06 11 01	Xesos da produción de dióxido de titanio	
06 11 99	Residuos non especificados noutra categoría	
06 12	Residuos da produción, utilización e rexeneración de catalizadores	
06 12 01	Catalizadores usados que conteñen metais preciosos	
06 12 02	Outros catalizadores usados	
06 13	Residuos doutros procesos químicos inorgánicos	*
06 13 01	Pesticidas inorgánicos, biocidas e conservantes da madeira	*
06 13 02	Carbón activo usado	*
06 13 03	Negro de carbón	

Código	Descrición	Residuo perigoso
06 13 99	Residuos non especificados noutra categoría	
07	Residuos de procesos químicos orgánicos	*
07 01	Residuos da formulación, fabricación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base	*
07 01 01	Líquidos de limpeza e licores madre acuosos	*
07 01 02	Lodos do tratamento in situ de efluentes	*
07 01 03	Disolventes líquidos de limpeza, e licores madre organohaloxenados	*
07 01 04	Outros disolventes orgánicos, líquidos de limpeza e licores madre	*
07 01 05	Catalizadores usados que conteñen metais preciosos	*
07 01 06	Outros catalizadores usados	*
07 01 07	Residuos de reacción e de destilación haloxenados	*
07 01 08	Outros residuos de reacción e destilación	*
07 01 09	Tortas de filtración, absorbentes usados haloxenados	*
07 01 10	Outras tortas de filtración, absorbentes usados	*
07 01 99	Residuos non especificados noutra categoría	*
